

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

LINGUAXE MUSICAL GRAO PROFESIONAL

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES	3
1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	3
1.1.1. <i>Criterios de avaliación de 1º de grao profesional:</i>	3
1.1.2. <i>Criterios de avaliación de 2º de grao profesional:</i>	3
1.2. MÍNIMOS ESIXIBLES	4
1.2.1. <i>Mínimos esixibles de 1º de grao profesional:</i>	4
1.2.2. <i>Mínimos esixibles de 2º de grao profesional:</i>	4
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	4
2.1. AVALIACIÓN	4
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL	5
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	5
2.4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª – 2ª AVALIACIÓN.....	6
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)	6
3.1. ACTIVIDADES	6
➤ 1º Grao profesional.....	6
➤ 2º Grao profesional.....	7
3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE).....	7
3.3. MATERIAIS E RECURSOS	7
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	7
4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS:.....	7
4.2. PUBLICIDADE:.....	8

INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

1.1. Criterios de avaliación

1.1.1. Criterios de avaliación de 1º de grao profesional:

1. Ler con soltura e fluidez compases simples, compostos e dispares (só os estudados na primeira e segunda avaliación).
2. Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento musical, con o uso de cambio de compás, nun tempo establecido.
3. Aplicar a exercicios prácticos contidos teóricos propios do curso como acordes, cadencias, enharmonías, grupos de valoración especial.... (esixíranse só os estudados na primeira e segunda avaliación)
4. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
5. Manter o pulso durante períodos longos de silencio, na audición de fragmentos musicais, identificando cambios de compás mediante a percusión do acento.
6. Identificar ou entoar calquera tipo de intervalo melódico.
7. Improvisar melodías breves e estruturas rítmicas diversas (utilizando as estruturas rítmicas dadas na primeira e segunda avaliación).
8. Entoar unha obra musical con ou sen acompañamento, aplicándolle as indicacións de carácter expresivo.
9. Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado.
10. Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra fragmento.

1.1.2. Criterios de avaliación de 2º de grao profesional:

1. Manter o pulso durante períodos de silencio longos.
2. Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido (limitándose ás vistas na primeira e segunda avaliacións).
3. Ler a primeira vista, con soltura, estruturas rítmicas e fragmentos musicais.
4. Recoñecer auditivamente aspectos cadenciais e formais dun fragmento musical.
5. Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordales en diferentes alturas.
6. Aplicar o transporte, escrito e mental, a exercicios prácticos con ou sen cambio de clave.
7. Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
8. Identificar ou entoar todo tipo de intervalo melódico.
9. Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto.
10. Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada.
11. Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado.

- 12.Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento.
- 13.Improvisar vocal ou instrumentalmente sobre un esquema harmónico dado.
- 14.Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle tódalas indicacións de carácter expresivo.

1.2. Mínimos esixibles

1.2.1. Mínimos esixibles de 1º de grao profesional:

1. Ler ritmicamente en compases de subdivisión binaria, ternaria e dispaes deixando clara a precisión de pulso e acento (só se esixirán os estudos na primeira e segunda avaliación).
2. Entoar una melodía ou canción tonal ou atonal, con e sen acompañamento, en modo maior e menor.
3. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados coas diferentes fórmulas rítmicas propias do nivel de 1º, en modo maior e menor.
4. Resolver correctamente cuestións de teoría de xeito oral e escrito, dentro dos contidos traballados na primeira e segunda avaliacións e nos cursos anteriores.
5. Conservar o pulso constante na execución de exercicios musicais.

1.2.2. Mínimos esixibles de 2º de grao profesional:

1. Ler ritmicamente en compases de subdivisión binaria, ternaria e dispaes deixando clara a precisión de pulso e acento (só se esixirán os estudos na primeira e segunda avaliación).
2. Entoar una melodía ou canción tonal ou atonal, con e sen acompañamento, en modo maior e menor.
3. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados coas diferentes fórmulas rítmicas propias do nivel de 2º, en modo maior e menor.
4. Resolver correctamente cuestións de teoría de xeito oral e escrito, dentro dos contidos traballados na primeira e segunda avaliacións e nos cursos anteriores.
5. Conservar o pulso constante na execución de exercicios musicais.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2.1. Avaliación

Procedementos e ferramentas de avaliación:

Probas escritas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (principalmente fichas de exercicios enviadas por email e whatsapp) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

Probas orais: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (principalmente envío de audios e vídeos por whatsapp e email) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

Observación sistemática: poderase establecer este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación no caso de que sexa eventualmente posible a impartición de clase de linguaxe musical por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.

Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

Traballos de investigación e desenvolvemento: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

2.2. Cualificación final

Tendo en conta que se trata dunha materia teórico – práctica, considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: **Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia** e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita (para a parte teórica) e outra oral (para a parte práctica) baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Proba escrita : 50% (Teoría musical)
- Proba oral : 50% (Lectura rítmica).

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización das actividades propostas polos profesores coma probas escritas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superala e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

Consideramos que ademáis de valorar os criterios de avaliación e mínimos esixibles de cada curso, deberá terse en conta a realización dos traballos escritos e prácticos que lle sexan encomendados dentro dos contidos e obxectivos propios do curso correspondentes á 1ª e 2ª avaliación.

O principal criterio de cualificación para dar por superada a materia será a entrega de, a lo menos, o 50 % das tarefas encomendadas na 3ª avaliación, que deberán obter unha calificación positiva, sen necesidade da realización de exames.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

3.1. Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

As actividades propostas para cada curso son as seguintes:

► 1º Grao profesional

Probas escritas: Os profesores envían aos grupos de whatsapp que teñen cos alumnos fichas de exercicios teóricos feitas por eles ou ben fichas correspondentes ao libro de texto utilizado durante o curso. Estas fichas terán que ser resoltas polo alumnado e devoltas ao profesor mediante fotos ou outros formatos enviados por whatsapp. O libro utilizado durante o curso é *Andante*, Enseñanzas Profesionales Primer Curso, de Vicente Roncero.

Probas orais: Os alumnos envían audios ou vídeos das leccións rítmicas propostas polos profesores, sacadas do libro utilizado en clase. Para a entoación utilízanse, segundo os profesores, ou ben pequenos fragmentos melódicos con acompañamento enviados por whatsapp, ou ben cancións cantadas na primeira e segunda avaliación para as que se lles envía aos alumnos o acompañamento grabado a piano pola profesora, pertencentes ao libro *Nanocosmos*, de AA VV. Para o ditado envíanse audios ben feitos en Sibelius ou tocados nun piano para que os alumnos realicen o ditado e manden a solución ao profesor.

► **2º Grao profesional**

Probas escritas: Os profesores envían aos grupos de whatsapp que teñen cos alumnos ou ben por email, fichas de exercicios teóricos feitas por eles ou ben fichas correspondentes ao libro de texto utilizado durante o curso. Estas fichas terán que ser resoltas polo alumnado e devoltas ao profesor mediante fotos ou outros formatos enviados por whatsapp ou email. O libro utilizado durante o curso é *Andante*, Enseñanzas Profesionales Segundo Curso, de Vicente Roncero.

Probas orais: Os alumnos envían audios ou vídeos das leccións rítmicas propostas polos profesores, sacadas do libro utilizado en clase. Para a entoación utilízanse, segundo os profesores, ou ben cancións sacadas do libro *Para cantar*, de Félix Sierra, ou ben cancións cantadas na primeira e segunda avaliación para as que se lles envía aos alumnos o acompañamento grabado a piano pola profesora, pertencentes ao libro *Nanocosmos*, de AA VV. Para o ditado envíanse audios ben feitos en Sibelius ou tocados nun piano para que os alumnos realicen o ditado e manden a solución ao profesor.

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Nos cursos de 1º e 2º de grao profesional todos os alumnos teñen acceso a algún tipo de nova tecnoloxía coa que poder comunicarse co seu correspondente profesor para que éste lles envíe as actividades que deben realizar e para poder resolver todo tipo de cuestión ou dúbida que se lles presente. Por regra xeral envíanse aos alumnos as tarefas a realizar os días que tiñan clase no Conservatorio, podendo eles poñerse en contacto co profesor para realizalas correctamente calqueira día da semana. Así, os medios utilizados neste caso son principalmente o whatsapp, a través de diferentes grupos creados polos profesores para estar en contacto cos alumnos, o email e o propio teléfono, realizando chamadas tanto de profesores a alumnos como de alumnos a profesores.

3.3. Materiais e recursos

Para a impartición das clases telemáticas tanto o profesorado como o alumnado dispoñen de diversos recursos relacionados coas novas tecnoloxías, como ordenador, tablets, teléfonos móbiles, aplicacións como whatsapp, email, programas como Sibelius, etc.

Como recursos materiais utilízanse os seguintes libros:

- RONCERO, V: *Andante* 1º e 2º de grao profesional. Ed. Piles.
- AA VV: *Nanocosmos nº 1*. Ed. Dinsic, Publicacions Musicals.
- SIERRA, F: *Para cantar*. Ed. Ideamúsica.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4.1. Información ao alumnado e ás familias:

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

4.2. Publicidade:

A dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.